

Axudas para a publicación en aberto destinadas ao persoal investigador adscrito ao Campus Industrial de Ferrol

1. OBXECTO

Facilitar que o persoal investigador adscrito ao Campus Industrial de Ferrol da Universidade da Coruña (UDC) difunda os seus resultados de investigación mediante a publicación destes en revistas en aberto, de pagamento, de xeito que aumente a súa visibilidade e a do Campus Industrial de Ferrol.

Tamén se pretende apoiar o cumprimento da obrigatoriedade de publicar neste tipo de revistas que se establece nalgunhas convocatorias de financiamento de proxectos. Por outra parte, búscase alcanzar o indicador do Campus Industrial de Ferrol do número de publicacións en revistas Q1 do JCR.

2. FINANCIAMENTO

Estas axudas financiaranse con cargo á partida orzamentaria 090044F100 541A 6400004,, do orzamento do Campus Industrial para o ano 2022. O orzamento máximo dedicado a esta convocatoria será de 6000 €. Concederanse axudas por unha contía máxima de 1000 €.

3. REQUISITOS DAS SOLICITUDES

Estas axudas están destinadas ao pagamento do importe parcial dos gastos da publicación en aberto de artigos que se publiquen en revistas que estean na lista do último JCR publicado dentro do primeiro cuartil. Os artigos deben ser, por tanto, Q1.

A data de publicación dos artigos debe estar comprendida entre o 01/01/2022 e o 10/10/2022 (debido ao período de xustificación da axuda e aos prazos internos de tramitación).

Os gastos que se imputen a esta axuda non poderán ser xustificadas noutros proxectos, fondos etc. Así mesmo, esta axuda é incompatible con calquera outra concedida para a mesma finalidade.

Non se financiarán publicacións que deriven de proxectos europeos que teñan recoñecido un financiamento específico para este mesmo fin (gastos de publicación en aberto).

Só se concederá unha axuda por investigador/a, agás que se dispoña de crédito.

4. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

Para poder participar nesta convocatoria as persoas solicitantes deberán estar adscritas ao Campus Industrial de Ferrol, e ser tanto membros permanentes como non permanentes ou persoal en formación.

Así mesmo, as publicacións deben incluír a filiación das persoas autoras ao Campus Industrial de Ferrol.

5. FORMALIZACIÓN DAS SOLICITUDES

As solicitudes débense enviar ao correo electrónico investigacion.campus.industrial@udc.gal. Ademais, poderán presentarse en calquera dos rexistros que indica o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

As solicitudes que se presenten por procedementos distintos dos previamente especificados

resultarán excluídas.

A solicitude deberá constar da seguinte documentación:

- a) Anexo I. Formulario de solicitude.
- b) Documento completo para publicar ou ligazón á publicación.
- c) Aceptación da publicación por parte da revista, se o traballo aínda non foi publicado.
- d) Custo da publicación (orçamento) ou factura, con data posterior ao 01/01/2022, onde figure a cantidade xa pagada. Deberá ir ao nome da persoa solicitante.
- e) Anexo II. Declaración de non ter concedidas outras axudas para o mesmo fin.

Esta convocatoria permanecerá aberta mentres non se acabe o orzamento asignado a ela. No momento en que este se esgote, indicarse na páxina web do Campus Industrial de Ferrol.

6. CONCESIÓN DAS AXUDAS

As solicitudes de axuda atenderanse por rigorosa orde de chegada, mais tendo en conta que se financiará unha axuda por persoa investigadora, agás se dispoña de crédito. Se hai que discriminar entre máis dunha petición, primarase o percentil máis alto na área, coas tres cifras decimais, no JCR e o índice de impacto. Se mesmo así non se pode discriminar entre publicacións, favorecerase aquela que encaixe nalgunha das liñas de interese do Campus Industrial de Ferrol onde non se publicase aínda. As liñas de interese deste campus son as seguintes:

- Robótica Industrial
- Materiais
- Optimización de procesos industriais
- Enxeñaría naval e *offshore*
- Xestión industrial
- Desenvolvemento do produto

Tamén se valorará que os/as autores/as que aparezan na publicación teñan conta ORCID activa e actualizada en 2022. Outorgarase unha maior puntuación segundo máis autores/as teñan unha conta ORCID activa de entre as persoas asinantes.

7. COMISIÓN DE SELECCIÓN

As axudas serán concedidas, segundo os requisitos formulados nesta convocatoria, por unha comisión composta polas seguintes persoas:

- a) María Jesús Movilla Fernández, vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social
- b) Ana Isabel Ares Pernas, directora do Campus Industrial de Ferrol
- c) Marta Trueba Gayol, técnica de investigación do Campus Industrial de Ferrol
- d) Armando José Yáñez Casal, coordinador da Comisión de I+D, Transferencia e Relación coa Sociedade

8. RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO

A lista de solicitudes admitidas e excluídas publicarase na web do Campus Industrial de Ferrol. Tamén se lles comunicará esta admisión ou exclusión ás persoas solicitantes por correo electrónico.

As persoas solicitantes disporán de tres días naturais, que contarán a partir da data da publicación da lista, para emendar as solicitudes en que cumpra completar a documentación. No caso de non se emendar a solicitude, considerarase que as persoas solicitantes desisten do seu pedimento.

9. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

As persoas beneficiarias deben seguir as instrucións para a filiación ao Campus Industrial de Ferrol que se indican no *Manual de identidade corporativa* dispoñible na web deste campus.

O incumprimento desta obriga dará lugar á perda do dereito á axuda.

10. INCUMPRIMENTOS

A eventual ocultación ou o falseamento de datos, ben como o incumprimento total ou parcial dos requisitos e obrigas establecidos nesta resolución e nas demais normas aplicables, ou das condicións que, de ser ou caso, se establezan nas correspondentes resolucións de concesión, darán lugar á revogación da axuda, o que comportará o reintegro das cantidades percibidas na súa totalidade.

11. RÉXIME DE INCOMPATIBILIDADES E RENUNCIAS

A desadscripción das persoas investigadoras ao Campus Industrial de Ferrol no prazo de execución desta axuda dará lugar á súa perda.

12. PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos ou RXP), e do artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informámolo/a de que os datos que a persoa interesada facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cos seguintes datos de contacto: rúa da Maestranza 9, 15001 A Coruña, teléfono 981 167 000, correo electrónico secretariaxeral@udc.gal.

A solicitude dunha axuda para o alumnado con necesidades educativas especiais implica a aceptación do contido da convocatoria e a autorización para que os seus datos persoais sexan utilizados pola UDC coa finalidade da correcta xestión das axudas. Todas as persoas que entren en contacto con estes datos co devandito fin cumprirán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da LOPD.

Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente a publicación dos seus datos na resolución da solicitude nos taboleiros físicos da UDC e dentro do taboleiro electrónico oficial da sede electrónica da UDC, na forma prevista na disposición adicional sétima da LOPD. A resolución desta convocatoria permanecerá publicada en tales taboleiros. Os datos persoais serán conservados mentres resulten necesarios para as finalidades do tratamento e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente, sen prexuízo do previsto

en relación co exercicio do dereito de supresión e outros dereitos recollidos na LOPD.

A persoa interesada consente o tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, a rectificación ou a supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos.

Tales dereitos poderá exercelos mediante solicitude remitida ao seguinte enderezo: Secretaría Xeral, Reitoría da UDC, rúa da Maestranza 9, 15001 A Coruña, ou ben ao correo electrónico secretariaxeral@udc.gal, coa referencia «Protección de datos», a través dun escrito asinado para o efecto co cal achegará unha fotocopia do seu DNI. Igualmente poderá dirixir esta solicitude directamente á persoa que sexa a delegada de Protección de Datos, ao mesmo enderezo postal antes indicado, ou ao correo electrónico dpd@udc.gal.

Así mesmo, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

A vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social
María Jesús Movilla Fernández

Anexo I. Formulario de solicitude

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

| | |
|----------|--------------------|
| Apelidos | Nome |
| Teléfono | Correo electrónico |

TÍTULO DO ARTIGO, NOME DA PUBLICACIÓN E LIGAZÓN AO ARTIGO (DE ESTAR PUBLICADO)

| |
|--|
| |
|--|

IMPORTE DO GASTO DA PUBLICACIÓN

| |
|--|
| |
|--|

DOCUMENTACIÓN QUE ACOMPAÑA ESTA SOLICITUDE:

- Copia do texto/artigo
- Copia do orzamento ou da factura
- Anexo II. Declaración de non ter concedidas outras axudas para o mesmo fin

Lugar, data e sinatura:

Asdo.:

Anexo II. Declaración de non ter concedidas outras axudas para o mesmo fin

D./D.^a

.....
.....

Como solicitante dunha das axudas para a publicación en aberto destinadas ao persoal investigador adscrito ao Campus Industrial de Ferrol,

DECLARA

Que non se lle concederon outras axudas para a mesma finalidade.

Lugar, data e sinatura:

Asdo.:

.....